



PREGO DE CONDICIÓN POLO QUE SE REXERÁ A ADQUISICIÓN DE INMOBLES NO ENTORNO DO
RECTORADO PARA O CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO

OFERTA PÚBLICA ING/20/0008

Prego de condicións ING/20/0008

Páxina 1 de 20

CSV : GEN-f844-0c29-cfeb-453e-1c0f-fc21-fc1f-71b2

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : Aplicación Portafirmas (<https://pf.seap.minhap.es>)

FIRMANTE(1) : CLARA MARIA RODRIGUEZ FERNANDEZ | FECHA : 23/11/2020 08:54 | Sello de Tiempo: 23/11/2020 09:01

FIRMANTE(2) : INES GONZÁLEZ MARTÍNEZ | FECHA : 23/11/2020 09:01 | Sello de Tiempo: 23/11/2020 09:01



1. DISPOSICIÓN XERAIS.

1.1. RÉXIME XURÍDICO.

O Consorcio da Zona Franca de Vigo (en adiante, o Consorcio) forma parte do sector público estatal e ten como obxecto o establecemento e explotación da Zona Franca de Vigo, así como a posibilidade de promover, xestionar e explotar, en réxime de dereito privado, directamente ou asociado a outros organismos, todos os bens, de calquera natureza integrantes do seu patrimonio, e situados fóra do territorio da Zona Franca co fin de contribuir ao desenvolvemento e dinamización económica e social da súa área de influencia.

En materia de contratación, aínda que o Consorcio non ten a condición de Administración Pública forma parte do Sector Público e reúne os requisitos que, como poder adjudicador, se establecen na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en diante, LCSP) e cuxa regulación contense nos artigos 316 a 320 da norma devandita. Os contratos de compraventa son dos contratos calificados como contratos privados polo artigo 9.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e excluídos da súa aplicación.

A Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas é a normativa marco que recolle a regulación da adquisición dos bens inmoebles daquelas entidades que se atopan no seu ámbito de aplicación, que se recolle no seu artigo 2.1, se ben a Disposición adicional vixésima terceira dispón un réxime específico para o patrimonio dos Consorcios das Zonas Francas. Neste sentido, cando se trate de bens e dereitos destinados especificamente ao desenvolvemento e dinamización económica e social da súa área de influencia, non se integran no Patrimonio do Estado e, polo tanto, a súa adquisición non se rexerá pola normativa reguladora do patrimonio das Administracións Públicas, tendo que respectar, unha serie de principios como: eficiencia e economía na súa xestión, eficacia e rendibilidade na explotación dos mesmos, publicidade, transparencia, concorrencia e obxectividade na súa adquisición, así como a identificación e control a través do inventario e rexistro. Dispón, no número 3 da devandita Disposición adicional que a competencia para acordar a adquisición dos bens inmoebles aos que xa se fixo referencia máis arriba corresponderalle ao Pleno.

A preparación e adjudicación réxese polo contido do presente prego, axustándose, en todo caso, aos principios xa sinalados e contidos na Disposición adicional vixésima terceira da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, mentres que os seus efectos e extinción réxense polo contido do presente prego de condicións, polos artigos 1445 e seguintes do Código Civil e polo resto de normas de Dereito Privado que sexan de aplicación.

As relacións contractuais que se deriven deste procedemento terán carácter privado. As partes quedan sometidas expresamente ao establecido no presente prego, someténdose á documentación contida na proposición presentada por quen resulte adjudicatario, documentos todos eles que, en proba de conformidade, serán asinados polo mesmo no acto de formalización do contrato.

Por razóns de economía na tramitación, refúndense nun só prego as condicións económico-





administrativas da adquisición dos inmobles.

A publicidade da adxudicación realizada polo Pleno realizarase na páxina web do Consorcio da Zona Franca de Vigo (<http://www.zfv.es/portal/expediente-ing-20-0008.html>) unha vez se adxudique polo Pleno.

O presente prego reviste carácter contractual, polo que deberá firmarse, en proba de conformidade polo adxudicatario, no mesmo acto de formalización do contrato.

1.2. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Poderán optar á adxudicación do presente contrato as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade xurídica e de obrar, con arranxo ás normas contidas no Código Civil sobre capacidade xeral para toda clase de contratos e en particular, para o de compravenda, propietarias dun ou varios inmobles que cumpran os requisitos que máis adiante se especifican.

Ademais, é preciso que non se atopen incursas nas prohibicións e incompatibilidades para contratar co sector público establecidas no artigo 71 da LCSP.

1.3. OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do contrato é a adquisición por parte do Consorcio da Zona Franca de Vigo, chegado o caso, do pleno dominio dun, ou uns inmobles, libres de cargas e gravames, que reúnan as características recollidas no punto 1.6 que, a continuación, se resumen:

- Situación: no entorno dos inmobles da rúa Oporto 3 e Areal 46, entendendo por tal os inmobles que queden dentro dunha circunferencia cun radio de 200 metros, tomando coma centro desta, a porta de acceso ó edificio situado na rúa Oporto, nº 3 de Vigo.
- Usos permitidos: os usos urbanísticos permitidos terán que ser acordos coa actividade que se pretende desenvolver no/s inmobile/s: oficinas e/ou comercial, garaxes.
- Superficie mínima construída: 1.000 m².

O Consorcio formalizará a correspondente escritura pública de compravenda co licitador que resulte adxudicatario.

1.4. MESA DE CONTRATACIÓN.

A Mesa de Contratación permanente do Consorcio será o órgano de asistencia que levará a cabo as valoracións correspondentes das ofertas presentadas e propoñerá, no seu caso, as propostas de adxudicación correspondentes.



Para a válida constitución da mesa, deberán estar presentes a maioría absoluta dos seus membros, e, en todo caso, a/o Presidenta/e, a/o Secretaria/o e dous vogais da mesma. O réxime e funcionamento da mesa será conforme ao establecido na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público nos seus artigos 15 a 18 e concordantes.

As actas da Mesa de Contratación serán publicadas na web do Consorcio antes sinalada.

1.5. FASES DA OFERTA PÚBLICA.

A oferta pública que se convoque non será vinculante de maneira que o Consorcio pode decidir unilateralmente non acometer a compra por calquera motivo anteriormente á formalización sen que se xenere obriga para esta entidade nin dereito algún para o ofertante. Dado o carácter non vinculante da Oferta Pública, a súa convocatoria non implica ningunha obriga de adquisición para o Consorcio.

A oferta pública de adquisición de inmobles ten as seguintes fases:

1ª Fase: Oferta Pública de Adquisición de Inmobles.

O obxectivo da primeira fase é comprobar que os inmobles que se presenten cumpren os requisitos mínimos esixidos nos apartados 1.3 e 1.6 deste prego e, sobre estes, determinar, de acordo cos criterios de avaliación identificados no apartado 1.10 do presente prego as que mellor se adaptan, por orde de puntuación, ás necesidades do Consorcio.

2ª Fase: Estudio e taxación das ofertas recibidas e preparación, no seu caso, dos expedientes de adquisición.

Nesta segunda fase os servizos técnicos do Consorcio recoñecerán tecnicamente o inmovible mellor valorado, é dicir, aquel que obtivo maior puntuación na primeira fase.

Analizarase a realidade física dos inmobles e a adecuación dos mesmos ós fins pretendidos. Teranse en conta as inversións que puideran resultar necesarias para facelos operativos. No caso de que esa inversión fora demasiado elevada e fixera inviable técnica ou economicamente o proxecto para o que se pretende adquirir, poderá botarse do procedemento procedéndose nese caso a efectuar o recoñecemento do segundo inmovible mellor valorado e así sucesivamente.

No caso de que fora preciso necesario proceder a unha rehabilitación ou reforma integral do inmovible cuxo coste fora superior ao dunha nova construción, os servizos técnicos poderán propoñela súa exclusión.

A continuación e verificados todos estes aspectos, solicitarase a súa valoración por un taxador autorizado ou polo servizo da Administración Xeral do Estado, de maneira que poida coñecerse o valor de mercado no seu estado actual. O valor que se ofertará ao propietario, chegado o caso, non poderá ser, en ningún caso, superior ao que resulte da taxación nin superior ao importe máximo fixado de 2,4 millóns de euros.



A taxación efectuarase sempre sobre a superficie real do inmovible e, si esta non coincide coas que resultan dos rexistros públicos, informárase ao licitador e outorgaráselle un prazo de 3 días hábiles para presentas cantas aclaracións e alegacións considere oportunas.

Se, do resultado destas medicións resultase que o inmovible ofertado deixase de cumprir os requisitos mínimos esixidos neste prego, a oferta excluírase do procedemento.

3ª Fase: proposta e aprobación da compraventa.

Unha vez completadas as fases anteriores, o Comité Executivo a proposta da Mesa, analizará a operación no seu conxunto e, de así estimarse procedente, elevar ao Pleno da Entidade a proposta de adquisición do inmovible mellor valorado polo importe definitivo fixado tal e coma se indicou no apartado anterior.

O prezo para abonar polo Consorcio pola adquisición dos inmovibles, se así o acorda o Pleno, será o que determine este órgano que, en ningún caso poderá ser superior ao que resulte da taxación efectuada nin superar os 2,4 millóns de euros no caso de que o importe da taxación sexa superior a esta cifra.

Se o propietario do inmovible mellor clasificado rexeitase a oferta de adquisición proposta, procederíase a efectuar oferta ao segundo clasificado e así sucesivamente, previa a realización de todos os trámites xa sinalados (recoñecemento técnico e físico, revisión dos aspectos avaliados, taxación e investimentos necesarios, etc..).

1.6. CONDICIÓN MÍNIMAS DOS INMOBLES.

Con carácter xeral, o/s inmovible/s deberá/n estar en bo estado de conservación e dispor de accesibilidade. En todo caso, terá/n que reunir as seguintes características mínimas:

- O ámbito territorial onde debe/n localizarse o/s inmovible/s circunscribe ao termo municipal de Vigo, cumprindo o sinalado sobre a súa situación: no entorno dos inmovibles da rúa Oporto 3 e Areal 46, entendendo por tal os inmovibles que queden dentro dunha circunferencia cun radio de 200 metros, tomando coma centro desta, a porta de acceso ó edificio situado na rúa Oporto, nº 3 de Vigo.
- Os usos urbanísticos permitidos terán que ser acordes coa actividade que se pretende desenvolver no/s inmovible/s: oficinas e/ou comercial, garaxes.
- A superficie mínima real non poderá ser inferior aos 1.000 metros cadrados, podendo atoparse nun único inmovible ou en varios, que non teñen porqué ser colindantes entre sí.
- En todo caso, debe tratarse de edificios independentes ou cun acceso único e independente para cada un dos inmovibles ofertados.
- O garaxes poden ter un acceso independente.
- Dispoñer de ascensor ou, alomenos, espazo para poder instalalo.
- Dispoñer de redes de abastecemento (electricidade, auga, telefonía e datos) e de sistemas de ventilación.
- O inmovible ou inmovibles estarán inscritos no Rexistro da Propiedade a nome da persoa, física ou xurídica licitadora.



- O/s inmueble/s estarán libres de cargas e gravames.
- O/s inmueble/s deberá/n estar ao corrente do pago dos diferentes impostos, taxas e suministros.
- O/s inmueble/s poderán ter unha superficie máxima alugada non superior ao 40% da superficie total ofertada sempre que a vixencia dos contratos non se estenda máis aló do 1 de xaneiro de 2023, debendo o ofertante aportar unha declaración xurada na que se inclúa o compromiso de resolver todos aqueles contratos que sexa posible con carácter previo á adxudicación desta licitación.

1.7. ORZAMENTO, PREZO E CUSTOS MÁXIMOS PARA A LICITACIÓN.

O orzamento máximo para a presente licitación ascende a un total de 2.400.000 de euros.

Na cifra sinalada non se inclúen os impostos que poidan gravar as adquisicións, nin as plusvalías, nin os gastos de notaría, rexistro e os correspondentes á xestión da tramitación do expediente.

O prezo da compravenda en ningún caso poderá ser superior ao que resulte da taxación efectuada nin superar os 2,4 millóns de euros no caso de que o importe da taxación sexa superior a esta cifra.

En todo caso, os gastos de Notaría e Rexistro serán conforme á Lei, sendo o imposto de plusvalía a cargo da parte vendedora.

1.8. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.

As ofertas presentaranse na forma, prazo e lugar indicados neste Prego de Condicións e no anuncio de convocatoria, que se publicará na páxina web do Consorcio da Zona Franca de Vigo (<http://www.zfv.es/portal/expediente-ing-20-0008.html>) e, como mínimo, en dous xornais diarios escritos de ámbito local e no BOP.

No anuncio, sinalarase:

- a) O lugar, día e hora de celebración do acto público de apertura das proposicións.
- b) O obxecto do procedemento.
- c) O lugar de consulta ou modo de acceso ao prego de condicións.
- d) O prazo durante o cual os interesados poderán presentar a documentación.

As ofertas poderán presentarse nas seguintes formas:

a.) **No Rexistro Xeral do Consorcio da Zona Franca de Vigo**, sito na Área Portuaria de Bouzas, s/n, 36208, Vigo, Tfno. 986-269700 y 986-269702, Fax 986-269730, dirixidas ó Consorcio da Zona Franca de Vigo, dentro do prazo sinalado no anuncio publicado na web, e ata as 14 horas do derradeiro día.

b.) **Mediante o seu envío a través de Correos** (Sociedad Estatal Correos y Telégrafos S.A.) dentro do prazo de admisión sinalado, xustificando a data e hora do envío, que en todo caso deberán





estar dentro do prazo sinalado ó efecto. Este envío anunciarase ó órgano de contratación mediantefax ou correo electrónico remitido ó Consorcio ese mesmo día. Neste último caso, o anuncio feito por correo electrónico farase á seguinte dirección: contratacion@zonafrancavigo.com, e axustarase ó establecido para a súa validez, no artigo 80.4 do RGLCAP.

No caso do envío por Correos, sen a concurrencia de ambos dous requisitos (presentación en prazo e anuncio ó órgano de contratación) a oferta non será admitida.

Se pese a xustificación do envío da documentación, transcurrieran máis de dez días naturais sen que a oferta haxa sido recibida no Consorcio, ésta non será admitida de ningún xeito.

As ofertas presentadas fóra do praxo non serán admitidas. Toda a documentación deberá ser presentada en castelán o galego.

Unha vez publicada a licitación e aberto o prazo de presentación, os interesados poderán presentar as súas ofertas de venda de inmovible/s. A recepción de ofertas comeza e finaliza no día e hora que se estableza no anuncio publicado.

Dende a publicación do anuncio e ata cinco días antes da data de finalización do prazo para a presentación de ofertas, poderán facerse todas as consultas que se estimen, a través da seguinte dirección de correo electrónico: contratacion@zonafrancavigo.com.

As respostas ás consultas formuladas publicaranse na web do Consorcio: <http://www.zfv.es/portal/expediente-ing-20-0009.html>

A presentación de proposicións supón a aceptación incondicional polo licitador do contido da totalidade dos apartados ou condicións do presente prego que rexen o contrato, sen salvedade ou reserva algunha, incluídos os seus Anexos.

A oferta seleccionada non crea dereito algún a favor do licitador seleccionado ante o Consorcio mentres non se reciba o escrito de aceptación do importe ofertado polo Consorcio, e formalicen a escritura pública de compravenda.

1.9. FORMA E CONTIDO DAS PROPOSICIÓNS.

Cada licitador presentará UN SOBRE OU CAIXA, firmado no exterior polo mesmo, no que conste a licitación, e os datos do licitador ou persoa que lle represente (nome e apelidos e NIF da persoa física, ou do representante legal da persoa xurídica e denominación, o NIF da mesma; ambos coa súa dirección), así como unha dirección, que será a válida a efectos de notificacións.

Dentro dese SOBRE OU CAIXA incluíranse, obrigatoriamente, DOUS sobres pechados e igualmente identificables coas seguintes denominacións:

- Sobre 1 "Documentación Xeral".
- Sobre 2 "Descrición do/s inmovible/s".

Toda a documentación esixida no presente prego deberá atoparse en vigor no momento de peche do prazo para presentar as ofertas, con independencia do momento no que o Consorcio



esixa a súa acreditación, que, en todo caso, deberá realizarse con anterioridade ao momento da súa elevación a documento público da transmisión do/s inmueble/s.

Polo tanto, cada licitador deberá presentar un SOBRE ou CAIXA xeral nos termos descritos anteriormente que conteña, á súa vez, os dous Sobres descritos coa súa correspondente denominación, pechados, identificables en canto á licitación e quen realiza a oferta, de conformidade co establecido nesta cláusula.

Cada licitador poderá presentar cantas ofertas desexa sempre que cumpra, cada unha delas, cos requisitos mínimos sinalados neste prego. Neste caso, terá que facelo de xeito individualizado, é dicir, un SOBRE ou CAIXA xeral por cada oferta, e terá que sinalar tanto no SOBRE ou CAIXA xeral como nos sobres correspondentes a ese SOBRE ou CAIXA, o número que se corresponderá con cada unha das ofertas presentadas, empezando no número "1" e así, sucesivamente.

Se unha persoa se presentase á licitación en nome de outra ou outras, deberá ostentar, dende o momento da presentación e ata o final do procedemento que concluirá coa formalización da compravenda ante o Notario, os poderes que sexan precisos para poder realizar a devandita operación.

- A documentación esixida no **Sobre 2 "Descrición do/s inmueble/s"** será a sinalada nesta mesma cláusula.

Sobre 1: Documentación Xeral.

A oferta deberá incluír, preceptivamente nos termos e condicións expostos, os seguintes documentos:

- 1.1 **Declaración responsable**, de conformidade co **Anexo I**, con independencia de que os documentos relacionados na mesma deberán atoparse vixentes e en posesión do licitador no momento do peche da licitación, non sendo válida a oferta e excluíndose a mesma da licitación se, ao esixirse a mesma polo Consorcio, esta non fora congruente nin veraz coa declaración do Anexo I, nin estivese vixente en poder do licitador ao momento do peche do prazo de presentación das ofertas.
- 2.1 Se o licitador fose persoa xurídica, a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou acto fundacional nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro Público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate, así como o Número de Identificación Fiscal (NIF). Estes documentos deberán recoller o exacto réxime xurídico do licitador no momento da presentación da proposición.
- 3.1 Se se trata de licitador individual, o NIF ou documento que, no seu caso, substitúalle regulamentariamente.
- 4.1 A capacidade de obrar dos licitadores non españois acreditarase de conformidade co texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, debendo presentar a súa documentación traducida de forma oficial ao galego ou ao castelán. Deberán presentar declaración de someterse á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera



orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponderlles.

- 5.1 No suposto de actuar mediante representante, poderes suficientes de disposición para venda do/s inmueble/s ofrecido/s.
- 6.1 Certificados vixentes acreditativos de estar ao corrente no cumprimento de obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e de que non existen débedas co Consorcio da Zona Franca de Vigo.

Sobre 2: "Descripción do/s inmueble/s".

Incluirá a descrición do/s inmueble/s de conformidade co sinalado no presente prego, non aceptándose aquelas propostas que non reúnan os requisitos mínimos contemplados no presente prego ou se aprecie a existencia de contradicións importantes entre a nota simple do rexistro e a declaración asinada como anexo. En caso de dúbida primarán os datos recolleitos na nota simple do Rexistro da Propiedade.

Os licitadores deberán incluír neste Sobre a documentación acreditativa de cumprir cos requisitos que a continuación se enumeran e tendo en conta a natureza xurídica da licitación, entenderase que a solvencia queda xustificada coa acreditación por parte do licitador da propiedade do/s inmuebles e de que se atopa ao corrente no pago de tributos afectos ao/s mesmo/s. Deberá aportar a seguinte documentación:

- 1.1 Identificación do propietario do inmueble/s mediante título de propiedade, debidamente inscrito/s no Rexistro da Propiedade, que se acreditará mediante certificación do Rexistro da Propiedade ou nota simple rexistral actualizada na que se acrediten características e superficie, que o licitador é propietario de pleno dominio do inmueble e que este está libre de cargas ou gravames.
- 2.1 Certificación/s catastral, ou catastrais, descritiva/s e gráfica/s do/s inmueble/s.
- 3.1 Declaración responsable do propietario do/s inmueble/s, da tipoloxía e características do/s mesmo/s, do mantemento das circunstancias expresadas na certificación rexistral ou nota simple que se achegue, de estar libre de cargas e gravames, da porcentaxe de superficie alugada e da duración dos contratos de arrendamento, así como que o inmueble, se é o caso, atópase ao corrente de pago das subministracións de gas, auga, electricidade, gastos de comunidade no seu caso e dos tributos e taxas correspondentes, segundo modelo de declaración responsable que se incorpora como **Anexo II** do prego.
- 4.1 Autorización de acceso ao inmueble a favor de persoal que determine o Consorcio para a inspección do/s mesmo/s cantas veces estimen oportuno, previa solicitude, conforme ao **Anexo II**.

1.10. CRITERIOS DE SELECCIÓN.

Os criterios de selección que a continuación se relacionan servirán para valorar inicialmente as proposicións e determinar cal delas son as proposicións que, no seu conxunto, son máis



vantaxosas *a priori*, e para elaborar unha listaxe por orde de prelación da máis valorada á menos valorada.

A puntuación obtida pola oferta que resulte como a mellor valorada será contrastada pola verificación do estado e condicións do/s inmovible/s tras a inspección que deberán realizar os técnicos do Consorcio, a fin de evaluar tanto o cumprimento das características mínimas sinaladas no punto 1.6, como aquelas cuestións que foron obxecto de valoración e acto seguido se sinalan (distancia ó edificio da Rúa Oporto, número 3 de Vigo e Garaxes no edificio): :

Criterios de selección:

Distancia ó edificio da Rúa Oporto, nº 3 de Vigo: ata un máximo de 30 puntos.

Valorarase outorgándolle 30 puntos a aquel/es inmovible/s cuxo portal sexa o máis próximo, en línea recta, ó portal de acceso do edificio da Rúa Oporto nº 3. Para o resto de ofertas, tomarase a distancia que existe entre o mellor valorado e o portal de acceso ó edificio da rúa Oporto nº 3, valorándose o resto de ofertas de xeito proporcional.

Garaxe: ata un máximo de 10 puntos.

Valoraranse soamente aquel/as oferta/s que oferten prazas de garaxe con acceso para as persoas a través de ascensor, dende as plantas do inmovible.

Recibirá 10 puntos a oferta que, cumprindo os requisitos anteriores, ofrezca o maior número de prazas e, o resto, de xeito proporcional a esta.

1.11. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

Unha vez finalizado o prazo para presentar ofertas, reunirse a Mesa e procederá no día, hora e lugar sinalados no anuncio, en primeiro lugar en sesión privada á **apertura do SOBRE 1: "Documentación xeral"** aos efectos da cualificación da mesma e admisión provisional ou definitiva dos licitadores.

Se a Mesa observase defectos materiais ou omisións subsanables na documentación xeral presentada, poderá admitir provisionalmente aos licitadores, conferíndolles un prazo máximo de tres días naturais para que corrixan ou subsanen os erros detectados. De non subsanarse no prazo requerido, serán excluídos da licitación.

Unha vez cualificada a documentación, e a continuación, ese mesmo día na hora sinalada en sesión pública, a Mesa anunciará os licitadores presentados e admitidos (tanto provisional como definitivamente), e procederá á **apertura do SOBRE 2: "Descrición do/s inmovible/s"** conforme ao seguinte:

1º.- A Mesa levará a cabo a apertura da documentación correspondente á "Descrición do/s inmovible/s", aos efectos da comprobación da documentación presentada en relación coa descrición do inmovible, poderá admitirse provisionalmente aos licitadores, dándolles un prazo máximo de 3 días naturais para que corrixan ou emenden os erros detectados. De non emendarse no prazo sinalado, excluíranse da licitación.



A Mesa comprobará se os inmobles ofertados compren as condicións mínimas esixidas e quedarán automaticamente excluídas aquelas ofertas que non cumpran as condicións mínimas esixidas, o que se notificará aos licitadores que estean nesa situación.

2º.- Posteriormente, en sesión privada da Mesa, e respecto dos licitadores admitidos definitivamente, procederase á análise das ofertas que compren coas condicións devanditas, tanto no que respecta á documentación como ás condicións mínimas esixidas, e valoraranse de conformidade cos criterios establecidos no prego, deixando constancia de todo iso na correspondente acta.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente de puntuación, de conformidade cos criterios establecidos no presente prego.

A Mesa de Contratación, mediante resolución motivada, en calquera momento, poderá refugar as proposicións se non gardasen concordancia coa documentación examinada e admitida, variasen substancialmente o modelo establecido, ou existise recoñecemento por parte dos licitadores de que adocen de erro ou inconsistencia que as fixesen inviable.

3º.- Posteriormente, a Mesa dará traslado ao departamento de Servizos Técnicos e Obras do Consorcio da oferta mellor valorada e máis puntuada da listaxe, aos efectos de que se verifiquen as condicións do inmovible, tanto na parte dos requisitos mínimos sinalados no punto 1.6, como na parte das cuestións obxecto de valoración (punto 1.10).

A estes efectos, os Servizos Técnicos do Consorcio poñeranse en contacto co licitador para fixar un día para visitar e inspeccionar o/s inmovible/s. A denegación, retraso, impedimento, ou calquera outra acción ou inacción por parte dos propietarios que supoña que os Servizos Técnicos do Consorcio non poidan levar a cabo a inspección nun prazo de 15 días, supoñerá a exclusión do licitador.

Despois da visita, o Departamento de Servizos Técnicos e de Obras do Consorcio emitirá un informe sobre a correspondencia entre a documentación aportada polos licitadores e a realidade física dos inmobles.

